

RESOLUCIÓN REITORAL, DE 22 DE MARZO DE 2021, POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN APRENDIZAXE-SERVIZO 2021-22

Coa finalidade de institucionalizar a Aprendizaxe-Servizo (ApS), metodoloxía activa que consiste en que o alumnado aprenda facendo un servizo á comunidade e que adquira as competencias técnicas da titulación e tamén as xenéricas que teñen que ver co compromiso ético, a responsabilidade social ou o traballo en equipo.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

- Ordenar a publicación desta convocatoria no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e no portal [convocatorias](#) da web da Universidade de Vigo.
- As solicitudes (anexo I e II) presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo con destino á Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación desde o día seguinte da publicación ata o día 20 de maio de 2021
- Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, podería interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 22 de marzo de 2021

O Reitor

Por Delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Dona María Isabel Doval Ruiz

CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN APRENDIZAXE-SERVIZO 2021

BASES DA CONVOCATORIA

I. OBXECTIVOS

- Consolidar e fomentar uso da metodoloxía Aprendizaxe-Servizo (ApS) na Universidade de Vigo.
- Recoñecer as iniciativas de innovación educativa que empreguen a ApS.
- Potenciar a difusión das boas prácticas educativas baixo esta metodoloxía.
- Ofrecer asesoramento na implantación da ApS.
- Axudar á institucionalización da metodoloxía Aprendizaxe-Servizo (ApS) na Universidade de Vigo.
- Favorecer o coñecemento da Axenda 2030 , adoptada pola ONU, promovendo a participación social comprometida e corresponsable da comunidade Universitaria da Universidade de Vigo.

II. SOLICITUDES

As solicitudes (anexo I e II) presentaranse a través da sede electrónica con destino á Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación desde o día seguinte da publicación ata o **20 de maio de 2021**.

- A persoa que presente unha candidatura deberá cubrir os documentos anexo I e anexo II publicados conxuntamente con esta convocatoria e presentalos, unha vez asinados como adxuntos a instancia xenérica (SXER) na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) indicando como asunto “Convocatoria ApS 2021”. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/202006/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf.

No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación da solicitude, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

III. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

- A coordinación dos proxectos, tanto individuais como grupais, ten que ser desenvolvida por persoal docente investigador con carga docente no POD.
- O profesorado ten que estar vinculado coa materia ou materias no POD para as que presenta o proxecto.
- Poderán participar outros membros da Comunidade Universitaria e persoas pertencentes a entidades sociais, asociacións e institucións necesarias para desenvolver o proxecto.

IV. REQUISITOS

- Só se pode participar nun único proxecto na mesma convocatoria.
- As iniciativas teñen que estar vencelladas ás materias que figuren no POD no curso académico 2021-22.
- A metodoloxía de Aprendizaxe - Servizo debe aparecer recollida na Guía Docente da materia especificando a porcentaxe que vai representar na avaliación.
- Todas as persoas que participen no proxecto terán que autorizar o tratamento de datos pola Universidade de Vigo recollido no Anexo II.

V. DURACIÓN

Os proxectos entrarán en vigor na data da resolución definitiva da convocatoria e finalizarán coa entrega da avaliación da memoria final do proxecto. Poderán ser renovados anualmente despois de superar unha avaliación de seguimento.

VI. COMISIÓN DE REVISIÓN

As solicitudes serán revisadas por unha comisión integrada por:

- Vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación ou persoa en que delegue.
- Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado ou persoa en que delegue.
- Director da Área de Responsabilidade Social.
- Técnica Superior da Área de Formación e Innovación Educativa.
- Persoa designada polo departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación.
- A comisión poderá contar co asesoramento doutras persoas.

VII. PROCESO DE VALORACIÓN

Para a valoración dos proxectos a Comisión de revisión terá en conta os seguintes criterios no deseño do proxecto incluído no Anexo I.

- Necesidade social. Detección e transcendencia do servizo a desenvolver e relación e impacto dos proxectos nos ODS da axenda 2030 (20% puntuación).
- Xustificación da contribución do servizo á adquisición das competencias da materia/s. (25% puntuación).
- Planificación do proxecto educativo. (25% puntuación).
- Repercusión do proxecto, difusión e comunicación da experiencia. (10% puntuación).
- Carácter innovador da experiencia. (10% puntuación).
- Colaboración con axentes sociais, centros e outras institucións necesarias para desenvolver o proxecto. (5% puntuación).
- Vinculación permanente do coordinador/a coa Universidade de Vigo ou compromiso de permanencia ao fronte do proxecto (5% puntuación)

VIII. COMPROMISOS DOS SELECCIONADOS/AS

- O proxecto contará coa titorización e asesoramento dun equipo de traballo formado pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado que poderá ser o mesmo equipo que a comisión de selección.
- Os proxectos seleccionados serán sometidos a unha avaliación de deseño inicial que pode implicar a inserción de modificacións de cara a mellorar a súa implantación.
- Os/as integrantes do proxecto terán que acreditar que teñen formación no eido da metodoloxía aprendizaxe servizo preferentemente pola participación nas actividades formativas organizadas pola Universidade de Vigo. A comisión poderá aceptar acreditacións de ter participado neste tipo de formación en cursos organizados por outras Universidades, sempre que estes tivesen unha duración igual ou superior a 10h.
- Os/as integrantes facilitarán o seguimento e asumirán as indicacións resultantes do asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
- Cómpre que nas actividades de difusión e publicacións que se realicen se indique a pertenza ao Proxecto de Innovación Educativa en Aprendizaxe-Servizo da Universidade de Vigo.

- Os coordinadores/as encargaranse de preparar unha memoria final despois de rematar o proxecto segundo o modelo que se recolle no Anexo III-Memoria Final. A memoria entregárase no prazo máximo dun mes tras a finalización do proxecto.

IX. RECOÑECIMIENTO

A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado certificará a participación no proxecto unha vez entregada en prazo e avaliada positivamente a memoria final do proxecto pola comisión de revisión.

Para o alumnado, as actividades desenvolvidas formarán parte do currículo e servirán para a superación da materia/s. Con todo, certificaráselle a participación indicando polo miúdo as competencias adquiridas a partir do informe da persoa coordinadora do proxecto.

Para as entidades sociais participantes emitírase certificación, previa solicitude, a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.